

Tarxetas de Fidelización



Que son as Tarxetas de Fidelización do CdM ?

As Tarxetas de Fidelización do Comercio do Morrazo son creadas para unir a Establecementos e Clientes, na procura de que estes últimos gocen dun incentivo e lograr así que escollan facer as súas compras dentro dos establecementos que forman parte desta iniciativa.

Cantos tipos de Tarxetas existen?

Dispoñemos de 3 TIPOS DE TARXETAS: FIDELIZACIÓN, REGALO e VALE COMPRA.

Tarxeta de Fidelización

Cando un cliente ten unha *Tarxeta de Fidelización*, e fai unha compra, o establecemento retorna unha porcentaxe en forma de saldo na tarxeta do cliente. Deste xeito, o Cliente pasa a ter dispoñible un saldo para a súa seguinte compra. Este saldo só pode ser usado nun establecemento adherido a esta iniciativa.

Así, cantas máis compras fai un cliente nos comercios participantes, máis saldo acumula e conseguimos que ese cliente sinta máis interese polos produtos, ofertas ou promocións que o comercio local poida ofrecerlle.

Cal é a porcentaxe ideal para facer que o meu comercio teña unha oferta atractiva?

Dende o punto de vista do Cliente, canto maior sexa a porcentaxe a acumular na tarxeta na compra dun produto, máis interesante resultará o establecemento.

Estás na obriga de facer descontos en todos os produtos?

Non.

Deberás de facer un desconto mínimo, pero non terás porqué facer descontos, nin o mesmo desconto, en tódolos teus produtos.

Entón, podo ter varias porcentaxes distintas de desconto?

Por suposto.

Sabemos que non tódolos produtos teñen a mesma marxe para aplicar as mesmas porcentaxes, por este motivo, dende Fecimo, suxerimos establecer unha porcentaxe de desconto mínima en calquera compra e logo aumentar ou ter varias porcentaxes de desconto para outras familias de produto e conseguir así ter un reclamo que "chame á acción" aos clientes.



Cantas liñas de desconto podo crear? Poderás crear as que consideres necesarias.

Podo crear dous descontos coa mesma porcentaxe pero con nomes distintos? Por suposto.

A idea é aportarche unha ferramenta de "Fidelización" e, por iso, o ideal é que a empregues como un reclamo de cara a colectivos, familias, grupos, asociacións ou empresas.

Deste xeito, podes facer que os alumnos dun ximnasio ou un colectivo co que colaboras teñan o mesmo desconto no mesmo produto pero con dúas ofertas personalizadas.

Pero que sentido ten facer a mesma oferta con dúas liñas de desconto diferentes?

Os clientes e, por analoxía, os colectivos ou grupos, séntense mellor cando atopan un trato especial.

Por ese motivo, o sistema permíteche crear tódolos descontos que queiras, xa que a nivel de marketing acada o mesmo éxito comunicar de forma xenérica a tódolos teus clientes "unha oferta de desconto do 5%", que comunicar de forma personalizada a uns alumnos dun ximnasio que teñen "unha oferta do 5%".

A todo/as gústanos o trato especial.

Cando fago unha venda e engado saldo na tarxeta dun cliente pode gastalo noutro comercio?

Sí, e do mesmo xeito cando faga unha compra noutro establecemento tamén poderá empregar o saldo no teu.

O que pretende a tarxeta é que os clientes acudan ao Comercio Local de xeito recorrente para poder ofrecer así unha alternativa de valor fronte a Centros Comerciais e Plataformas de Venda en liña que de xeito individual sería moito máis complicada.



Tarxeta Regalo

Unha tarxeta pensada para aquelas persoas ou empresas que desexan entregar un agasallo diferente. Trátase dunha tarxeta prepago cargada cunha contía económica e que pode empregarse para mercar no Comercio do Morrazo.

Como funciona?

A tarxeta regalo ten un funcionamento sinxelo: Trátase dun moedeiro electrónico de un so uso.

Cando unha persoa ou empresa merca unha tarxeta regalo nun establecemento do CDM aporta un saldo para introducilo na mesma, logo, este saldo pode ser gastado nos comercios do CDM ata que se esgote.

Pode descontarse en todos os establecementos do Comercio do Morrazo ?

Sí.

Calquera establecemento asociado ao Comercio do Morrazo ten dispoñible a sección tarxetas de fidelización na súa área privada da páxina web www.comerciodomorrazo.com Dende aí poderá facer a operación para descontar o saldo da tarxeta regalo.

Onde se crean as tarxetas regalo?

As tarxetas regalo poden crearse en calquera establecemento asociado ao Comercio do Morrazo. Dende Fecimo facemos entrega destas tarxetas aos establecementos que as desexan.

Como creas unha tarxeta regalo?

É un proceso sinxelo.

O primeiro, é dispoñer dunha Tarxeta Regalo física no teu establecemento, xa que a mesma dispón dun código que terás que empregar para crear o moedeiro dixital.

Unha vez que teñas a tarxeta, tan só terás que:

> Entrar no apartado de TARXETAS FIDELIZACIÓN

> Escoller a opción CREAR TARXETA REGALO

> Poñer o número de tarxeta, o importe que desexas cargar e o nome da persoa que a vai a recibir e listo.

Como descontar ou cobrar un importe dunha tarxeta regalo?

Cando un cliente desexe pagar cunha tarxeta regalo, tan só terás que:

- > Entrar no apartado de TARXETAS FIDELIZACIÓN
- > Escoller a opción DESCONTAR TARXETA REGALO

> Poñer o número de tarxeta, o importe da venda e se o desexas un detalle para lembrar a operación.



Tarxeta Vale Compra

Deseñada para poder empregar o sistema de fidelización do CDM e que poidas substituír no teu establecemento os Vales que son entregados habitualmente cando se produce a devolución dun produto e o establecemento non devolve o importe pagado polo cliente no momento da compra.

Como funciona?

A Tarxeta Vale Compra permite substituír un vale regalo ou un vale de devolución dun establecemento.

Trátase dun moedeiro electrónico de un so uso.

Cando creas unha Tarxeta Vale Compra, creas un moedeiro electrónico que O CLIENTE SO PODERÁ EMPREGAR NA TÚA TENDA.

Onde se crean as Tarxetas Vale Compra?

As Tarxetas Vale Compra son creadas polo establecemento no que logo deben ser empregadas.

Dende Fecimo facemos entrega destas tarxetas aos establecementos que as desexan.

Como creas unha Tarxeta Vale Compra?

É un proceso sinxelo.

O primeiro, é dispoñer dunha Tarxeta Vale Compra física no teu establecemento, xa que a mesma dispón dun código que terás que empregar para crear o moedeiro dixital.

Unha vez que a teñas a tarxeta, tan só terás que:

- > Entrar no apartado de TARXETAS FIDELIZACIÓN
- > Escoller a opción CREAR TARXETA VALE COMPRA.

> Poñer o número de tarxeta, o importe que desexas cargar e o nome da persoa titular da tarxeta.

Como descontar ou cobrar un importe dunha Tarxeta Vale Compra?

Cando un cliente desexe pagar ou descontar unha tarxeta vale compra, tan só terás que:

- > Entrar no apartado de TARXETAS FIDELIZACIÓN
- > Escoller a opción DESCONTAR TARXETA VALE COMPRA.
- > Poñer o número de tarxeta e DNI, o importe da venda e se

A continuación presentámosche o manual para comezar a traballar coas tres TARXETAS DE FIDELIZACIÓN do Comercio do Morrazo

Accede ás Tarxetas de Fidelización do CdM Aspectos principais do menú das Tarxetas de Fidelización Como operar coa Tarxeta de Fidelización Como operar coa Tarxeta Regalo Como operar coa Tarxeta Vale Compra Procesos de Liquidación do sistema de Fidelización



Accede ás Tarxetas de Fidelización do CdM

Dende a web de COMERCIO DO MORRAZO e unha vez identificado o teu establecemento, accederás á

túa páxina principal de Comercio do Morrazo, na que atoparás o botón dende onde poderás acceder

a sección para facer as operacións coas Tarxetas de Fidelización dos teus clientes:

	DATOS BÁSICOS	0
+ DUE CURVAS	Nome contendat	
L0001170	Fecimo	
tieros akticos	Enderedo	
IMAKES	Auda. Vigo, 91	
REDEL SOCIALS	Potooción	
MATA	Cangas	
CAMBER CONTRACTION	teleturar	
CONSIGNATION CONTRACT	986 300 050	
INVERTICULATION		
	Email	
	fecimo@fecimo.es	
	Maratio	
	Lunes a Xoves 10.00 a 14.00 e 16.00 a 20.00 Venres 10.00 a 15.00	

Unha vez que accedes á zona de TARXETA FIDELIZACIÓN atoparás o seguinte menú:

	0
	ACUMULA SALDO
TARXETA FIDELIZACIÓN V	Acumule soldo na tanveto do seu cliente. No caso de erro pode cancelar a venda na súa totolidade na opción ANULACIÓN. Se o cliente foi unha devolución da venda use a opción DEVOLUCIÓN.
DESCONTAR SALDO DEVOLUCIÓN PARCIAL ANULACIÓN CONSULTA TARXETA CREAR TARXETA FIDELIZACIÓN	Código torvete: (*) Teléfono Confirmer
TARKETA REGALO V DESCONTAR TARVETA REGALO CONSULTA TARVETA REGALO CREAR TARVETA REGALO	
VALE COMPRA DESCONTARI VALE COMPRA CONSULTA VALE COMPRA VALES COMPRA EMITIDOS CREAR TARRETA VALE COMPRA	
LIDURDACIÓNS E CONFIG. CONSULTA MOVEMENTOS UQUIDACIÓN PENDENTE UQUIDACIÓNS ANTERIORES CONFIGURAR DESCONTOS	
ANUDA VOLVER À EMPRESA	

Aspectos principais do menú da Tarxeta de Fidelización

		0
		ACUMULA SALDO
Sección T. de Fidelización	TARXETA FIDELIZACIÓN V ACUMULAR SALDO DESCONTAR SALDO DEVOLUCIÓN PARCIAL ANULACIÓN CONSULTA TARXETA CREAR TARXETA FIDELIZACIÓN	Acumula solido na tanveto do seu cliente. No caso du erro pode cancellar a venda no súa totalidade na opción ANULACIÓN. Se o cliente foi unha devolución da vende use o opción DEVOLUCIÓN. Código torveta Teléfono Confirmar
Sección Tarxetas Regalo	TARXETA REGALO V DESCONTAR TARXETA REGALO CONSULTA TARXETA REGALO CREAR TARXETA REGALO	
Sección T. Vale Compra	VALE COMPRA V DESCONTARI VALE COMPRA CONSULTA VALE COMPRA VALES COMPRA EMITIDOS CREARI TARDETA VALE COMPRA	
Sección Operativa Xeral	LIDURDACIÓNS E CONFIG. CONSULTA MOVEMENTOS UQUIDACIÓN PENDENTE UDURDACIÓNS ANTERIORES CONFIGURAR DESCONTOS ARUDA XXXV/ER Á EMPRESA	No menú atoparás as opcións, presentadas en CATRO SECCIÓNS para facilitar a usabilidade. 3 están adicadas ás Tarxetas: Fidelización, Regalo e Vale Compra e a derradeira é a Sección OPERATIVA XERAL.

TARXETA DE FIDELIZACIÓN > SECCIÓN PARA AS OPERACIÓNS ESPECÍFICAS DESTE TIPO DE TARXETA.

ACUMULAR SALDO (que xa está activada por defecto ao entrar na páxina) dende a que poderás identificar ao cliente e xerar a compra bonificada.

DESCONTAR SALDO, permítelle ao cliente empregar o saldo acumulado na súa tarxeta de fidelización.

DEVOLUCIÓN PARCIAL, cando unha compra foi bonificada pero hai un retorno do produto, dende aquí

procederemos á súa notificación para que o sistema retorne ao cliente a parte que lle foi descontada.

ANULACIÓN, empregar este botón no caso de ter que anular unha compra.

CONSULTA TARXETA, co número de tarxeta ou teléfono permite consultar a información dun cliente.

CREAR TARXETA FIDELIZACIÓN, inicia o proceso de creación dunha tarxeta para acumular puntos nas compras entre os establecementos asociados ao noso sistema de fidelización.

TARXETA REGALO > SECCIÓN PARA AS OPERACIÓNS ESPECÍFICAS DESTE TIPO DE TARXETA.

DESCONTAR TARXETA REGALO, permítelle ao cliente empregar o saldo da tarxeta regalo nunha compra.

CONSULTA TARXETA REGALO, co número de tarxeta permite consultar a información dun cliente.

CREAR TARXETA REGALO, crea unha tarxeta de un só uso cunha cantidade de saldo aportado polo cliente.

Esta tarxeta pode ser empregada en calquera establecemento asociado ao noso sistema de fidelización.

Aspectos principais do menú da Tarxeta de Fidelización

Sección T. Vale Compra	VALE COMPRA				
	DESCONTAB VALE COMPRA				
	CONSULTA VALE COMPRA				
	VALES COMPRA EMITIDOS				
	CREAR TARDETA VALE COMPRA				
Sección Operativa Xeral	LIQUIDACIÓNS E CONFIG. 🗸 🗸				
	CONSULTA MOVEMENTOS				
	LIDUIDACIÓN PENDENTE				
	LIDUIDACIÓNS ANTERIORES				
	CONFIGURAR DESCONTOS				
	AGURA				
	VOLVER À EMPRESA				

TARXETA VALE COMPRA > SECCIÓN PARA AS OPERACIÓNS ESPECIFICAS DESTE TIPO DE TARXETA.

O VALE COMPRA, <u>é unha tarxeta que so pode ser empregada no teu establecemento</u>. Pensada para substituír aos "vales de devolución" que as veces son empregados cando un cliente quere devolver un produto pero o establecemento non devolve os cartos. Tamén pode ser empregado como tarxeta regalo para usar unicamente no teu establecemento. Esta tarxeta é de un só uso.

DESCONTAR VALE COMPRA, permite que o cliente empregue o saldo cargado na tarxeta vale compra.

CONSULTA VALE COMPRA, co número de tarxeta permite consultar a información dun cliente.

VALES COMPRA EMITIDOS, esta opción permite acceder a unha listaxe dos vales emitidos dende o teu establecemento.

CREAR TARXETA VALE COMPRA, crea tarxetas *de un só uso* cunha cantidade de saldo concreta que tan só poden ser empregadas no voso establecemento.

<u>LIQUIDACIÓNS E CONFIGURACIÓN</u> > SECCIÓN PARA ACCEDER Á OPERATIVA XERAL DAS TARXETAS.

CONSULTA MOVEMENTOS, accede a unha listaxe onde poderás visualizar todas as operacións realizadas no teu establecemento coas tarxetas de fidelización.

LIQUIDACIÓN PENDENTE, este botón amosa unha pantalla na que poderás ver unha listaxe onde atoparás os importes facturados na súa totalidade e a parte bonificada que recibirás pola liquidación en curso.

LIQUIDACIÓNS ANTERIORES, amosa o histórico de movementos de liquidacións.

CONFIGURAR DESCONTOS, permite crear ou aplicar descontos especiais do teu establecemento.

AXUDA, sección na que poderás aclarar as dúbidas máis frecuentes.

Tarxeta de Fidelización do CdM

Primeiros pasos: Configurando os descontos

O primeiro que debes facer é dirixirte a sección de *CONFIGURAR DESCONTOS (ÚLTIMO BOTÓN DA COLUMNA)* e asignar as porcentaxes de desconto que consideres oportunas. *Cando empeces a traballar coa fidelización xa terás asignado un desconto inicial creado por defecto do 1%.*

O ideal é ampliar este desconto e crear *descontos adicionais* que teñen como finalidade crear novas ofertas nas compras. Tamén podes crear descontos para colectivos, agrupacións ou simplemente para aqueles clientes que consideras "especiais" na túa tenda.

Para CREAR UN NOVO DESCONTO tan só tes que premer no botón 🕂 e o s

e o sistema amosarache

Alta dun novo porcentaxe de desc	onto ou promoción.	
Nome *)
Porcentaxe *	\square)
Data inicio *	(17/11/2020	
Data fin		
Amosar por defecto		

Dende esta pantalla deberás indicar o **NOME** para ese desconto: mellores clientes, colexio "X", asociación deportiva ou especial Nadal... por exemplo. Logo indica a **PORCENTAXE** de desconto que queres aplicar, a **DATA DE INICIO e a DATA FINAL** se desexas que remate nunha data concreta (como sería, por exemplo, no caso do Nadal), do contrario, permanecerá indefinidamente.

A marcaxe da opción "**amosar por defecto**" permite que este desconto que estás a crear sexa o primeiro en amosarse cando te dirixas a *ACUMULAR SALDO*.



Como operar coa Tarxeta de Fidelización

As tarxetas de Fidelización permiten bonificar compras cargando unha porcentaxe de saldo na conta dun usuario ou cliente. No menú atoparás varias operacións vinculadas ás Tarxetas de Fidelización. A continuación definímolas:

		0	
		ACUMULA SALDO	Э
	TARXETA FIDELIZACIÓN	Acumule soldo na tarxeto do see cliente. No caso de erro pode cancelar a venda no súa totolidade na opción ANULACIÓN. Se o cliente foi unha devolución da venda use o opción DEVOLUCIÓN.	
Sección das operacións da T. de Fidelización	DESCONTAR SALDO DEVOLUCIÓN PARCIAL ANULACIÓN CONSULTA TARKETA	Código torxeto (1 *) Teléfono Confirmos	
	CREAR TARXETA FIDELIZACIÓN	Área de identificación do cliente	-

Na columna do menú da tarxeta de fidelización atoparás as operacións que podes realizar.

Varias destas operacións teñen en común que primeiro deberás:

Identificar ao cliente

É necesario entender que, excepto en CREAR TARXETA DE FIDELIZACIÓN, sempre deberás cubrir un dos seguintes datos do usuario para poder comezar a realizar as operacións que desexes:

Código Tarxeta: opción de identificación mediante o número que presenta a Tarxeta de Fidelización do Cliente.

Teléfono: identificación mediante o número de teléfono rexistrado no sistema.

Que operación queres facer?

Fagamos un repaso ás **operacións propostas no MENÚ** e que podes facer cunha TARXETA DE FIDELIZACIÓN:

Acumular Saldo

Código tarxeta	0	\square
Seleccione descuento	Estándar - 3,00%	~
Importe da venta	0	\supset
Detalle adicional	<u> </u>	\supset

Comezamos, tal e como acabamos de definir, IDENTIFICANDO AO CLIENTE.

O seguinte paso é:

Seleccione desconto: escolle entre o desconto "por defecto" e outros descontos creados.

Unha vez escollido o desconto, este será aplicado na operación de venda.

Importe da Venda: neste espazo introduces o IMPORTE TOTAL da compra do cliente.

Detalle adicional (opcional): se desexas anotar dentro do sistema un dato (palabra, ticket, etc) que che **permita lembrar mellor** esta venda. Unha vez realizada a Venda o sistema presentará unha mensaxe na que se indica cal é o importe que está sendo bonificado polo sistema e que o cliente vai recibir como saldo acumulado nesa compra.



/ exemplo dunha mensaxe do sistema nunha venda de 100 euros nos que 3 € son bonificados (3%) e o cliente acumula no saldo da súa tarxeta.

Unha vez concluída con éxito esta operación, deberemos premer no botón de **Pechar** e o sistema agardará preparado para facer unha nova venda.

Descontar Saldo

Cando o CLIENTE/A quere empregar a cantidade acumulada na súa Tarxeta de fidelización, deberás iniciar este proceso.

Neste proceso <u>débese empregar o código de</u> tarxeta por motivos de seguridade. Unha vez identificado o cliente, deberás INTRODUCIR O TOTAL DA COMPRA A REALIZAR e o sistema amosará *dous importes* resultantes: *O importe bonificado* polos saldos da tarxeta do cliente e *o importe restante* que o cliente debe pagar na tenda.



 / exemplo dunha mensaxe do sistema nunha venda de 100 euros nos que
 9 € bonifícanse polo saldo dispoñible na Tarxeta e o cliente debe pagar só 91€ restantes.

No caso de que a TARXETA NON TEÑA SALDO PARA BONIFICAR A COMPRA, o sistema mostrará unha mensaxe similar pero indicando que o saldo é de 0 euros e que o cliente debe pagar a totalidade da compra.

DES	CONTO DE SALDO
	Canxearonise 9€. O cliente debe pagar 100€

Unha vez remata a operación, deberás premer o botón de **Pechar** e o sistema xa estará

listo para facer unha nova operación.

Devolución parcial

Con este botón do menú comezaremos o proceso de devolución dun importe cargado na tarxeta e que debe ser devolto parcial ou totalmente.

O primeiro, como sempre, é identificar ao Cliente escollendo facelo polo número de Tarxeta de fidelización ou polo número de Teléfono.



Unha vez identificado, o sistema permitirá acceder ás operacións de compra que o cliente teña rexistradas na vosa tenda e procederemos a indicar de cal se trata.



O sistema permite facer unha devolución parcial ou total que poderás indicar en IMPORTE DA DEVOLUCIÓN.

Logo poderás engadir un DETALLE ADICIONAL para axudarche a identificar esa devolución.

Unha vez listo preme no botón **Confirmar**

Anulación

Comezamos o proceso de anulación dunha operación cargada na tarxeta.

Unha vez que premamos no botón do menú ANULACIÓN, Comezaremos novamente por identificar ao Cliente escollendo facelo polo número da súa Tarxeta ou polo seu número de Teléfono.



Unha vez identificado o cliente, o sistema permitirá acceder ás operacións de compra rexistradas na nosa tenda e poderemos proceder á anulación daquela que seleccionemos.

O proceso de anulación implica a cancelación total dunha venda realizada.

Para realizar o proceso deberemos finalmente Confirmar premer no botón



Consulta Tarxeta

Dende o apartado CONSULTA TARXETA poderás ver a información relacionada coa tarxeta dun cliente/a.

Comezaremos novamente por identificar ao Cliente escollendo facelo polo número da súa Tarxeta ou polo seu número de Teléfono.

CONSULTA DE TARXETA					00	0	
O Informa	ación básica dunha taneta.						
c	ödigo Tarxeta: 000074						
	Estador Vivente						
B	i neuro dadare data (0.00.00.00.00.00.00.00.00.00.00.00.00.0						
Plinto	s deumutadas: 900 (9,00 k)						
	Data entrega: 05/11/2020 p	OC WEB					
	Data baixa:						
		TITULA	RES				
Nombre	Poboación		×	Anero	lider	itiode	
hived	Mophu	Home		1			
	1	OVEME	NTOS				
Deta	Acción	Venda	Puntos	Importe	Establecemento	Estado	
09/11/2020	Vendo con desconto de solido	-100,00€	-0	0.00€.	FECIMO		
0505111/2020	Vendo con desconto de solido	-100,00€	-900	-9.09€	FECIMO	Anuinde	
06(11/2020	Acumula saldo	100,004	300	3,00€	FECIMO	Sen conveur	
05/11/2020	Acumula salda	100,004	300	1,00€	FECIMO	Ten conveor	
05/11/2020	Acumula satda	100,00K	3/00/	1,006	FECIMO	Sert cansear	

No apartado de información básica podemos atopar, entre outros datos, o SALDO DISPOÑIBLE NA TARXETA CONSULTADA.

Dende esta consulta poderás ver a posición xeral da tarxeta, con acceso aos movementos realizados por ti e cun acceso restrinxido ao resto da información.

Crear Tarxeta Fidelización

Permite crear unha nova tarxeta de Fidelización FÍSICA.



// Exemplo dunha Tarxeta de Fidelización

Para creala deberás dispoñer dunha tarxeta física no teu establecemento.

Introduce o código impreso na parte posterior da Tarxeta no sistema e logo cubre os datos do titular principal.

Os campos marcados cun asterisco * son obrigatorios. Na mesma alta poderemos introducir ata 3 titulares por tarxeta.

Cubre os campos e preme o botón CONFIRMAR, o sistema debe amosar unha mensaxe

	0	
	CREAR TARXETA FIDELIZACIÓN	0
NALES (INTERNETS) ACOMPANY INCOME ACOMPANY ALLO DESCRIMENTAL INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNETS INTERNET INTERNETS INTERNET I	This issues an well issue at all the of other location is one week This issues are weaker in the other location is one week This issues This issue issue issues This issue issue issues This issue issue issue issues This issue issues This issue issue issues This issue issue issues This issue issue issues This issue issues This issue issues This issue issue issue issues This issue issue issues This issue issue issue issues This issue	
CONTRACTOR OF A CONTRACTOR OF	- 1922 -	
Distantion Fridays	1/4	Control



Tarxeta Regalo

As Tarxetas Regalo permiten acumular un saldo que poderá ser empregado en calquera dos establecementos asociados ao Comercio do Morrazo.

ESTAS TARXETAS SON EMPREGADAS POLO COMERCIO DO MORRAZO PARA ENTREGAR OS PREMIOS DAS CAMPAÑAS POLO QUE É MOI IMPORTANTE COÑECER O SEU FUNCIONAMENTO.

No menú atoparás unha sección con varias operacións vinculadas ás Tarxetas Regalo, definímolas:

		AVEA THINKIN DESCORECIMA	0			
		۲				
		DESCONTO TARXETA REGALO	0			
	TARXETA FIDELIZACIÓN	 Use esta apción nas vendos ande o cliente paga con saldo ocumulados na súa tanieta. 				
	ACUMULAR SALDO DESCONTAR SALDO DEVOLUCIÓN PARCIAL ANULACIÓN CONSULTA TARXETA CREAR TARXETA FIDELIZACIÓN	Códiga tarsseta NEF Confirmer	2			
Sección das operacións da T. de Regalo	TARXETA REGALD	Oue operación aueres facer?				
	DESCONTAR TARXETA REGALD					
	CONSULTA TARXETA REGALO CREAR TARXETA REGALO	Comezamos por escoller que é o que queremo	S			

Na columna do menú da Tarxeta Regalo atoparás as operacións que podes realizar.

Estas Tarxetas opéranse do mesmo xeito que as Tarxetas de Fidelización polo que podes revisar as sección das operacións comúns: Descontar Saldo. Consultar a Tarxeta ou Crear unha Tarxeta.

Nos casos de Descontar e Consultar o primeiro que debemos facer é:

Identificar ao cliente.

Neste caso debemos introducir o Código da Tarxeta, xa que o DNI non é obrigatorio.

facer coa Tarxeta Regalo:

<u>Descontar Tarxeta Regalo</u>

Permite que o cliente emprege o saldo cargado da tarxeta regalo na compra.

Consultar Tarxeta Regalo

Co número de tarxeta ou teléfono permite consultar a información dun cliente.

Crear Tarxeta Regalo

Debes dispoñer dunha Tarxeta Regalo Física numerada no teu establecemento. A tarxeta regalo pode ser empregada en calquera establecemento.

O importe introducido será un cargo na túa Liquidación, xa que, neste caso fas a labor de depositario.



Vale compra

Deseñada para poder empregar o sistema de fidelización do CDM e que poidas sustituir no teu establecemento os Vales que son entregados habitualmente cando se produce a devolución dun produto e o establecemento non devolve o importe pagado polo cliente no momento da compra. ESTAS TARXETAS SON DE USO EXCLUSIVO NO ESTABLECEMENTO NO QUE SON CREADAS, POLO QUE, O SALGO CARGADO NUN VALE COMPRA NON PODE SER EMPREGADO NOUTRO ESTABLECEMENTO. No menú atoparás unha sección con varias operacións vinculadas ás Tarxetas Vale Compra, definímolas:

Sección das operacións das Tarxetas Vale Compra VALE COMPRA DESCONTAR VALE COMPRA CONSULTA VALE COMPRA VALES COMPRA EMITIDOS CREAR TARXETA VALE COMPRA

Na columna do menú da Tarxeta Vale Compra atoparás as operacións que podes realizar.

Estas Tarxetas opéranse do mesmo xeito que as Tarxetas de Fidelización polo que podes revisar as seccións das operacións comúns: Descontar Saldo, Consultar a Tarxeta ou Crear unha Tarxeta.

Nos casos de Descontar e Consultar o primeiro que debemos facer é:

Identificar ao cliente.

Neste caso debemos introducir **o Código da Tarxeta,** xa que o DNI non é obrigatorio.

Que operación queres facer?

Comezamos por escoller que é o que queremos facer co Vale Compra:

Descontar Vale Compra

Cando un cliente desexa pagar unha nova compra cunha Tarxeta Vale Compra emitida polo teu establecemento.

Consulta Vale Compra

Para saber o saldo que contén unha tarxeta Vale Compra e a quen pertence.

Vales Compra Emitidos

Ter acceso a listaxe de Vales emitidos por ti.

Crear Tarxeta Vale Compra

Cando tes que facer unha devolución dun importe e non devolves os cartos colle unha Tarxeta Vale Compra e crea un moedeiro dixital.

Debes <u>dispoñer dunha Tarxeta Vale Compra</u> numerada no teu establecemento onde introducirás o saldo a devolver.

Lembra que os Vale Compra que creas so poden ser empregados no teu establecemento.

O importe depositado nos vale compra non será anotado na túa Liquidación xa que pertence a unha xestión do teu establecemento.

Aspectos xerais do menú da Tarxeta de Fidelización

	LIQUIDACIÓNS E CONFIG.	~
Sección Operativa Xeral	CONSULTA MOVEMENTOS LIQUIDACIÓN PENDENTE LIQUIDACIÓNS ANTERIORES CONFIGURAR DESCONTOS	
	AXUDA	
	VOLVER À EMPRESA	<

As operacións que rexistras nas tarxetas dos teus clientes crean para o teu establecemento un proceso de "movementos". Trátase de saldos positivos (no caso de DESCONTAR SALDOS) ou negativos cando sumas una porcentaxe nas tarxetas dos clientes (no caso de ACUMULAR SALDO).

Para poder saber cal é o *balance* entre ambos e PODER CONFIGURAR A TÚA SECCIÓN DE FIDELIZACIÓN tes dispoñibles as opcións de LIQUIDACIÓNS E CONFIG. dispoñibles no menú.

Consulta de movementos

Comeza marcando as datas de consulta (inicio e Data

fin) no calendario:

ata inicio *	02/10/2020	
Data fin *	02/10/2020	

Logo preme BUSCAR e accede a unha listaxe onde poderás visualizar todas as operacións realizadas no teu establecemento coas tarxetas de fidelización.

LISTAXE	DE MOVE	EMENTO)S				
kd. Cód Torjeta	Tipo Mov	Imp.Wenda	Detolle	Data seración	Desconto	Importe Mox.	Imp.Consecto
19 000074	Desconto de saloo	-500,00E	perstniön gris - TIEKET 0213	09/11/2020		0.00€	0,00€
18 000074	Descurto-de salaio	-100,006	pontoión gris	00/11/2020		-0.00E	-0.006

Liquidación pendente

Na sección LIQUIDACIÓN PENDENTE atoparás a listaxe de vendas rexistradas no teu establecemento e os importes que cargaches nas tarxetas dos teus clientes por esas vendas, así como as operacións de cambio nas que os descargaron clientes saldo no teu establecemento.

			AREA THRUADA	DESCO	ECTAL 🕐 🤅
	6	1			
	S Marth	¢.			
					-
LIQU	IDACION	EN C	URSO		G
	en er menneden sin s	a state or Fight			
- CT 110 - C	LITT THE PROPERTY STREET, STREE		CALIFORN CALL CONTRACTOR TRAVELOW		
O Estas s	on its operations due s	e vin n och	unur no seguinte perioda.		
MOVEM	ENTOS DA LIQU	JIDACIÓ	N EN CURSO		
MOVEM	ENTOS DA LIQU	JIDACIÓ Importe	ON EN CURSO	Puntos	Impliquidar
	ENTOS DA LIQU	JIDACIĆ Importe 40.006	DN EN CURSO	Puritos -1500	Imp.liquidar -15.00€
MOVEM	ENTOS DA LIQU Tapo Mox. Descorto de soluto Acumulación de soluto	JIDACIĆ Importe 40.006 100.006	DN EN CURSO Cantale Cantale offost	Puritos -1500 #00	Imp.liquidar - 15,006 6,006
MOVEM Note 10/11/2020 10/11/2020 10/11/2020	ENTOS DA LIQU Teo Nov Desorrito de solido Acumulación de solido Acumulación de solido	JIDACIĆ Importo 40.006 100.006 100.006	DN EN CURSO Detaile CAMSA odfosdf particide gris - TICKET 0213	Puritos -1500 800 800	Imp.liquidar -15.006 6.006 3.006
MOVEM MOVEM 10/11/2020 10/11/2020 10/11/2020	ENTOS DA LIQU Teo Nov Descorto de soldo Acamulación de soldo Acamulación de soldo	JIDACIĆ Importe 40.006 100.006 100.004 100.004	Detaile CAMISA octosat portable gris - TICKET 0213 permetain gris - TICKET 0213	Pursos -1500 800 300 300	Imp.liquidor -15.006 6.006 3.006 3.006
O ESTOS 5 MOVEM Data 10/11/2020 10/11/2020 04/11/2020 05/11/2020	ENTOS DA LIQU Tigo Nov Descorto de solido Acamutación de solido Acamutación de solido Acamutación de solido	JIDACIĆ importe 40,00€ 100,00€ 100,00€ 100,00€ 100,00€	N EN CURSO Contoin Contoin Contoin Contoin portable gris - TICKET 0213 portable gris - TICKET 0213 portable gris - TICKET 0213	Pursos -1500 800 300 300 300	Ing.liquidar -15.006 6.006 3.006 1.006 1.006
O Estas s MOVEM 00/11/2020 10/11/2020 00/11/2020 00/11/2020 01/11/2020	ENTOS DA LIQU Teo Mox Descorro de soluto Acamutoción de soluto Acamutoción de soluto Acamutoción de soluto Acamutoción de soluto Descorro de soluto	JIDACIĆ Importe 40,006 100,006 100,006 100,006 100,006 100,006	CAMEA C	Pursos -1500 800 300 300 -1500	Imp.Jiquidar -15.006 6.006 3.006 3.006 3.006 -15.006
0 ESDS 5 MOVEM 0/11/2020 10/11/2020 05/11/2020 05/11/2020 05/11/2020 01/11/2020	ENTOS DA LIQU Tipo Nov Desorres de solato Acamatación de solato Acamatación de solato Acamatación de solato Acamatación de solato Descorres de solato	JIDACIÓ Importe 40,006 100,006 100,006 100,006 100,006 100,006 30,006	Control of the sequence periods Control Control Control Control control portrol portrol portrol portrol control contro control control control control control co	Pursos -1500 #00 300 300 100 -1300 -1300	Imp.liquidor -15.006 6.006 3.006 3.006 3.006 -15.006 -15.006
Detais MOVEM 10/11/2020 10/11/2020 06/11/2020 05/11/2020 01/11/2020 01/11/2020 01/11/2020	ENTOS DA LIQU Tigo Mox Descorrio de soluto Acamutación de soluto Acamutación de soluto Acamutación de selido Acamutación de selido Descorio de soluto Descorio de soluto Descorio de soluto	JIDACIÓ Importe 40,006 100,006 100,006 100,006 100,006 100,006 30,006 15,006	N EN CURSO Detolle Carrisa carrisa portolice Carrisa portolice carrisa portolice orfis-TICKET 0213 portolice portolice setsateat codead adeade	Purese -1500 #00 300 300 1500 -1500 -45	Imp.liquidor -15.006 6.006 3.006 3.006 1.006 -15.006 -15.006 -0.456

Na listaxe atoparás a data e hora do rexistro da compra, o tipo de movemento anotado, así como o importe total a liquidar que poderá ser positivo ou negativo en función de si cargaches saldo ao teu cliente, ou se o teu cliente descargou saldo no teu establecemento.

Liquidacións anteriores

Na sección *LIQUIDACIÓNS ANTERIORES* atoparás a listaxe de liquidacións que xa foron realizadas (cobradas ou pagadas).

Poderás atopar o número de identificación da liquidación, a data na que foi liquidada (cobrada ou pagada) e o importe acumulado no período de liquidación e que che foi cobrado / ingresado (en función do saldo de operacións realizadas).

F.A.Q / Dúbidas frecuentes SOBRE A TARXETA DE FIDELIZACIÓN

Que é a Tarxeta de Fidelización ?

É unha iniciativa que pretende servir de reclamo para os Clientes do Morrazo axudando a mellorar o vínculo co Comercio Local que colabora neste proxecto.

A Tarxeta de fidelización permite que o Cliente acumule unha porcentaxe de cada compra nunha conta virtual e logo pode gastar ese saldo acumulado en forma de desconto nos mesmos Comercios onde o acumula.

En que establecementos poden os clientes utilizar a Tarxeta de Fidelización?

Poderán utilizala en calquera das empresas adheridas a esta iniciativa.

Que clientes poden ser beneficiarios destas bonificacións?

As persoas maiores de 18 anos que dispoñan de DNI ou NIE en vigor. A Campaña busca promover o consumo na Comarca polo que está aberta a consumidores de calquera localidade e non soamente aos empadroados nos Concellos do Morrazo.

De que prazo dispoñen os clientes para rexistrar a Tarxeta de Fidelización?

A Tarxeta vén para quedarse. Non existe un prazo máximo para as solicitudes.

Cando caduca a Tarxeta de Fidelización?

A tarxeta non ten data de caducidade polo que poderá ser empregada por tempo indefinido.

Caduca o saldo dunha Tarxeta?

O saldo debe ser consumido no prazo dun ano. O cliente dispón de 365 días para gastalo. No caso de non empregar este saldo, o establecemento recibirá de volta o importe bonificado na tarxeta.

Como pode un cliente conseguir a Tarxeta de Fidelización?

Os establecementos participantes tedes á vosa disposición Tarxetas de Fidelización e Tarxetas regalo que podedes dar de alta. Axudando así no proceso de fidelización aos vosos clientes. (Ver apartado: Contratar Tarxeta).

Os clientes, tamén, poderán facelo eles mesmos rexistrándose en liña dende a páxina web www.comerciodomorrazo.com

Como recibirá o cliente a Tarxeta de Fidelización?

Tralo rexistro recibirá un email no que atopará unha *tarxeta virtual en formato dixital* cunha numeración persoal.

Dende ese intre poderá empregar o código da tarxeta dixital ou o seu número de teléfono ao realizar unha compra nun establecemento adherido á campaña de fidelización.

Poden coñecer o estado do saldo das tarxetas?

Por suposto. As persoas rexistradas terán un acceso privado á súa conta dixital dende a web de comerciodomorrazo.com ou dende a APP onde poderán consultar o saldo acumulado, e onde tamén poderá ver os seus movementos: listaxe das compras, etc.

En caso necesario, vós tamén poderedes axudarlles nesta xestión dende o apartado: CONSULTA TARXETA

> Máis información, rexistros, etc... no apartado TARXETA da nosa web !!

